

SHERWOOD ANDERSON

Winesburg, Ohio

Um feixe de relatos sobre a vida numa vila de Ohio



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2023.



Irmás Cartoné, 2024

Título orixinal: *Winesburg, Ohio*

Tradución do inglés: Carlos Valdés García

Corrección: Irmás Cartoné

Deseño de cuberta: Carlos Valdés García

Deseño e maqueta: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-126247-9-3

Dep. legal: C 1390-2024

Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido desta obra sen a autorización por escrito dos titulares do Copyright ©.

SHERWOOD ANDERSON

Winesburg, Ohio

Traducción de Carlos Valdés García



Á memoria de miña nai
EMMA SMITH ANDERSON,
cuxos perspicaces comentarios sobre a vida
ao seu redor espertaron en min a arela de ver
baixo a superficie das vidas,
está dedicado este libro.

OS RELATOS E AS PERSOAS

| | |
|---|-----|
| <i>O libro do grotesco</i> | 13 |
| <i>Mans</i> , sobre Wing Biddlebaum | 17 |
| <i>Pílulas de papel</i> , sobre o doutor Reefy | 27 |
| <i>Nai</i> , sobre Elizabeth Willard | 33 |
| <i>O filósofo</i> , sobre o doutor Parcival | 45 |
| <i>Ninguén o sabe</i> , sobre Louise Trunnion | 55 |
| <i>Devoción, un relato en catro partes</i> | 61 |
| <i>Primeira parte</i> , sobre Jesse Bentley | 63 |
| <i>Segunda parte</i> , sobre Jesse Bentley | 75 |
| <i>Terceira parte: Rendición</i> , sobre Louise Bentley | 89 |
| <i>Cuarta parte: Terror</i> , sobre David Hardy | 101 |
| <i>Un home de ideas</i> , sobre Joe Welling | 109 |
| <i>Aventura</i> , sobre Alice Hindman | 119 |
| <i>Respectabilidade</i> , sobre Wash Williams | 129 |
| <i>O pensador</i> , sobre Seth Richmond | 137 |
| <i>Tandy</i> , sobre Tandy Hard | 155 |
| <i>A forza de Deus</i> , sobre o reverendo Curtis Hartman | 161 |

| | |
|---|-----|
| <i>A mestra</i> , sobre Kate Swift | 171 |
| <i>Soidade</i> , sobre Enoch Robinson | 181 |
| <i>Un espertar</i> , sobre Belle Carpenter | 193 |
| « <i>Raro</i> », sobre Elmer Cowley | 205 |
| <i>A mentira non revelada</i> , sobre Ray Pearson | 219 |
| <i>Bebida</i> , sobre Tom Foster | 227 |
| <i>Morte</i> , sobre o doutor Reefy e Elizabeth Willard | 239 |
| <i>Sofisticación</i> , sobre Helen White | 253 |
| <i>Partida</i> , sobre George Willard | 265 |

O LIBRO DO GROTESCO

O escritor, un home vello cun bigote branco, tiña certa dificultade para meterse na cama. As xanelas da casa onde vivía eran altas e el quería mirar as árbores cando acordase pola mañá. Veu un carpinteiro amañar a cama para que estivese á mesma altura que a xanela.

O asunto provocou un grande alboroto. O carpinteiro, que fora soldado na Guerra Civil, entrou no cuarto do escritor e sentou para falar sobre a construción dunha plataforma co propósito de elevar a cama. O escritor tiña uns cigarros por alí e o carpinteiro fumaba.

Por un anaco os dous homes falaron sobre a elevación da cama e despois falaron doutras cousas. O soldado sacou o tema da guerra. O escritor, de feito, foino dirixindo cara a ese tema. O carpinteiro estivera unha vez encarcerado na prisión de Andersonville e perdera un irmán. O irmán morrera de inanición e sempre que o carpinteiro tocaba aquel tema choraba. El, como o vello escritor, tiña o bigote branco, e cando choraba engruñaba os labios e o bigote subía e baixaba. O vello a chorar co cigarro na boca resultaba irrisorio. O plan que fixera o escritor para elevar a cama quedou esquecido e máis tarde o carpinteiro fíxoo ao seu xeito e o escritor, que

pasaba dos sesenta, tiña que axudarse dunha cadeira cando ía para a cama á noite.

Na cama o escritor deitouse sobre un costado e ficou quieto dabondo. Había anos que o asaltaban ideas referentes ao corazón. Era fumador empedernido e tiña palpitacións. Metéraselle na cabeza a idea de que nalgún momento morrería inesperadamente e sempre que se metía na cama pensaba niso. Non o alarmaba. O efecto, de feito, era unha cousa bastante especial e non era doado de explicar. Facíao sentir máis vivo, alí na cama, que en ningún outro momento. Ficaba perfectamente inmóbil e o seu corpo era vello e xa non era moi útil, pero algo no seu interior era novo por completo. Era como unha muller grávida, só que a cousa que había dentro del non era un bebé senón un mozo. Non, non era un mozo, era unha muller, nova, e vestía unha cota de malla como un cabaleiro. É absurdo, xa ves, tratar de contar o que había dentro do vello escritor mentres xacía na súa cama elevada e escoitaba as palpitacións do seu corazón. Ao que hai que chegar é ao que o escritor, ou ao ser novo que había dentro do escritor, estaba pensando.

O vello escritor, como toda a xente do mundo, tivera, durante a súa longa vida, unha boa morea de ideas na cabeza. Noutro tempo fora bastante apostado e algunhas mulleres namoráranse del. E despois, por suposto, coñecera xente, moita xente, coñecéraa dun xeito particularmente íntimo que era diferente do xeito en que ti e mais eu coñecemos xente. Polo menos iso é o que pensaba o escritor e o pensamento agradáballe. Para que rifar cun vello sobre os seus pensamentos?

Na cama o escritor tivo un soño que non foi un soño. Mentres ía adormecendo pero aínda estaba consciente, come-

O libro do grotesco

zaron a aparecérselle figuras ante os ollos. Imaxinou que o ser novo e indescrrible do seu interior encabezaba unha longa procesión de figuras diante del.

Xa ves que o interese de todo isto está nas figuras que pasaban ante os ollos do escritor. Eran todas grotescas. Todos os homes e as mulleres que o escritor coñecera volvéranse seres grotescos.

Non todos os seres grotescos eran horribles. Uns eran divertidos, outros case fermosos, e un, unha muller debuxada deforme de todo, feriu o vello pola súa grotesquidade. Cando ela pasou, el fixo un ruído como un cadeliño que choromiscase. Se entrases no cuarto nese momento, probablemente suporías que o vello tiña soños desagradables ou quizais unha indigestión.

Durante unha hora a procesión de seres grotescos desfilou ante os ollos do vello e entón, malia resultarlle doloroso de facer, ergueuse con esforzo da cama e púxose a escribir. Algún daqueles seres grotescos deixara unha profunda impresión na súa mente e quería describila.

O escritor botou unha hora a traballar no seu escritorio. Ao final escribiu un libro que titulou *O libro do grotesco*. Nunca se publicou, pero eu viño unha vez e deixou unha pegada indeleble na miña mente. O libro tiña un pensamento central que é moi estraño e permaneceu sempre comigo. Recordándoo fun quen de entender moita xente e cousas que nunca antes fora quen de entender. O pensamento era arresado, pero nunha expresión sinxela sería algo así: que ao principio, cando o mundo era novo, había unha gran cantidade de pensamentos, pero non unha verdade. O home fixo as verdades e cada uha era unha amálgama de moitísimos pensamentos

imprecisos. Por todo o mundo adiante estaban as verdades e eran todas preciosas.

O vello enumerara centos daquelas verdades no seu libro. Non intentarei falarche de todas elas. Estaba a verdade da virxindade e a verdade da paixón, a verdade da riqueza e da pobreza, do aforro e da prodigalidade, da falta de atención e do abandono. Centos e centos eran as verdades e eran todas preciosas.

E despois chegou a xente. Cando aparecía, cada un agarraba unha das verdades e os que eran o bastante fortes agarraron unha ducia delas.

Foron as verdades as que converteron a xente en seres grotescos. O vello tiña unha teoría bastante elaborada sobre a cuestión. A súa idea era que no momento en que unha das persoas se apropiaba dunha das verdades, lle chamaba a súa verdade e intentaba vivir a súa vida conforme a ela, convertíase nun ser grotesco e a verdade que abrazaba volvíase unha falsidade.

Podes ver por ti mesmo como o vello, que pasou toda a súa vida escribindo e estaba cheo de palabras, escribiu centos de páxinas sobre este asunto. O tema fíxose tan grande na súa mente que el tamén estaba en perigo de converterse nun ser grotesco. Non o fixo, supoño, pola mesma razón pola que nunca publicou o libro. Foi o ser novo que había no seu interior o que salvou o vello.

Sobre o vello carpinteiro que lle arranxou a cama ao escritor, só o mencionei porque el, como moitos dos que chaman xente moi corrente, se converteu na cousa máis achegada ao que é comprensible e adorable de todos os seres grotescos do libro do escritor.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO
O 13 DE SETEMBRO DE 2024

